



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail:correo@concellodenegreira.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAODINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA CON DATA DE 14 DE SETEMBRO DE 2016

Asistentes

Presidente: Don Jorge J. Tuñas Caamaño

Sres. Tenentes de Alcalde: Don Manuel Angel Leis Miguez e Dona María del Mar García Vidal

Secretaria: Dona Asunción García Laseca.

No Salón de Plenos da Casa Consistorial, sendo as once horas do día catorce de setembro de dous mil dezaseis, reúnese a Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión extraordinaria e urxente coa asistencia dos/as Sres./as Tenentes de Alcalde antes relacionados/as baixo a Presidencia do Sr. Alcalde don Jorge J. Tuñas Caamaño, actuando como Secretaria a titular da Corporación, Dona Asunción García Laseca.

Reunida a Xunta de Goberno Local, cos requisitos formais esixidos polo vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en particular co cuórum de asistencia necesario segundo dispón a referida norma, a Presidencia declara aberta a sesión , celebrándose de acordo coa seguinte Orde do Día:

PRIMEIRO.- XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

Xustifícase a urxencia da convocatoria en base á necesidade de rematar os procedementos de contratación ó que se refire o punto seguinte desta orde do día dado o reducido dos prazos co que se conta para a tramitación do mesmo, á vista da normativa reguladora á que están suxeitas as subvencións correspondentes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a urxencia da convocatoria.

SEGUNDO.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “EFICIENCIA ENERXÉTICA NA LUZ PÚBLICA (RÚA ROSALÍA DE CASTRO E RÚA TERESA FABEIRO)”.- ADXUDICACIÓN.

Na tramitación do procedemento negociado sen publicidade para a adxudicación da obra “Eficiencia enerxética na luz pública (rúa Rosalía de Castro e rúa Teresa Fabeiro)”presentáronse oito plicas polas empresas

- Abrente Enerxía S.L
- Galega de Técnicas e Investimentos S.L
- Técnicas Enerxéticas Integrales Galicia S.L
- Ingeniería de Tecnologías Energéticas de Oroso S.L.

- Manuel Pardeiro Fernandez
- Proxecta Obras e Servizos S.L.
- Cendan y Filgueira S.L.
- Garvi Electricidad S.L.

As empresas admitidas á licitación foron as seguintes:

- Técnicas Enerxéticas Integrales Galicia S.L.
- Proxecta Obras e Servizos S.L.
- Ingeniería de Tecnologías Energéticas de Oroso S.L.
- Abrente Enerxía S.L.

Presentouse unha segunda oferta (Cláusula 15.4 do Prego) polas empresas seguintes:

- Técnicas Enerxéticas Integrales Galicia S.L.
- Abrente Enerxía S.L.

Considerando a valoración da oferta economicamente máis ventaxosa pola Xunta de Goberno Local que tivo lugar o 1 de setembro de 2016 e o requerimento de documentación feito polo mesmo órgano colexiado na mesma data, o cal foi cumprimentado pola empresa interesada.

Vista a proposta de adxudicación formulada polo Órgano de Negociación na xuntanza mantida con data 26 de agosto de 2016.

Visto o cal, e o que dispón o artigo 151.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda o seguinte:

Primeiro.- Adxudicar a contratación da obra “Eficiencia enerxética na luz pública (rúa Rosalía de Castro e rúa Teresa Fabeiro)” á empresa “Técnicas Enerxéticas Integrales Galicia S.L.” CIF: B-27800556 e con domicilio a efectos de notificación en Avenida del Ejército nº 23, 1º A.- 15006.- A CORUÑA., en base á puntuación outorgada ás plicas no Informe Técnico emitido por don Xosé Manuel González Vilas, Enxeñeiro Agrónomo, con data de 19 de agosto de 2016 e polo Órgano de Negociación celebrado con data 26 de agosto de 2016.

Segundo.- O importe da adxudicación é de 70.244,63 euros, IVE incluído.

Terceiro.- Publicar a presente adxudicación no Perfil de Contratante, ubicada na páxina web do Concello, que é a seguinte www.concellodenegreira.es.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf., 981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

Cuarto.- Nomear como Director da obra a don Armando Fernández González co NIF: 34.872.874-K, Enxeñeiro Técnico Industrial, colexiado 3708.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidencia deu por rematado o acto, finalizando a sesión ás once horas e quince minutos, de todo o que eu, como Secretaria, certifico.-

Vº e Prace
O Presidente



A Secretaria



